

ASISTENTES:

ALBA CASTRO, JOSÉ LUÍS
ARÉVALO TOMÉ, RAQUEL
ARIAS ACUÑA, ALBERTO MARCOS
BAJO PALACIO, IGNACIO
BALTRUSCH, BURGHARD
BASALO DOMÍNGUEZ, DAVID
BERGANTIÑO CID, GUSTAVO
BLANCO PESQUEIRA, ANTONIA
BLANCO SIERRA, JAVIER
BUENO ALONSO, JORGE LUIS
CAAMAÑO MARTÍNEZ, JOSÉ CARLOS
CABALLERO RÚA, ARMANDO
CARBALLO GONZÁLEZ, M^a DE LOS ÁNGELES
CARBALLO RIAL, ROSA
CARIDE ÁLVAREZ, CELSO
CASTRO CERCEDA, M^a LUISA
CID FERNÁNDEZ, XOSÉ MANUEL
CONDE CASAS, SOFÍA
CORBACHO VALENCIA, JUAN MANUEL
COSTA GONZÁLEZ, ALICIA
COSTAS GONZÁLEZ, XOSÉ HENRIQUE
COUÑAGO MÉNDEZ, PRÁXEDES
CRISTOBAL ORTEGA, M^a JULIA
DE OCA CANCELA, GUILLERMO
DIÉGUEZ RODRÍGUEZ, JOSÉ MIGUEL
DOPICO ANEIROS, M^a DOLORES
DURÁN VÁZQUEZ, JOSÉ FRANCISCO
ESTÉVEZ CARIDE, PAULA
ESTÉVEZ CASTRO, ÁGUEDA
EXÓSITO GONZÁLEZ, BENEDICTA
FÁLAGAN MOTA, JORGE
FARIÑA RODRÍGUEZ, JOSÉ
FERNÁNDEZ ALVARADO, HADRIÁN
FERNÁNDEZ ÁLVAREZ, ANTON LOIS
FERNÁNDEZ ARAÚJO, IVÁN
FERNÁNDEZ DOCAMPO, MARÍA BELÉN
FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, FEDERICO A.
FERNÁNDEZ FUSTES, M^a DOLORES
FERNÁNDEZ GONZÁLEZ, BRAIS
FERNÁNDEZ IGLESIAS, MANUEL JOSÉ
FERNÁNDEZ JAUREGUI, MANUEL
FERNÁNDEZ MANIN, GENEROSA
FERNÁNDEZ PINTELOS, MARÍA JOSÉ
FERREIRO VÁZQUEZ, ÓSCAR
FORTES NOVOA, BRAIS
GARCÍA BUGARÍN, MERCEDES
GARCÍA ESTÉVEZ, JOSÉ MANUEL
GARCÍA GONZÁLEZ, MARTA
GARCÍA PINO, ANTONIO
GARCÍA SÁNCHEZ, MANUEL
GARCÍA-PINTOS ESCUDER, ADELA
GIL VILLANUEVA, JOSÉ M^a
GÓMEZ RODRÍGUEZ, ALMA MARÍA
GONZÁLEZ SANTAMARÍA, PEDRO
GUTIÉRREZ SÁNCHEZ, ÁGUEDA
IGLESIAS BLANCO, RAÚL
IGLESIAS BRIONES, MARÍA JESÚS
LLAMAS NISTAL, MARTÍN
LÓPEZ FERNÁNDEZ, JOAQUÍN
LÓPEZ PÉREZ, LUÍS
LÓPEZ RUBIANES, LUCRECIA M^a
LÓPEZ SÁNCHEZ, ÓSCAR
LUGO LATAS, LUÍS
MARTÍNEZ MARTÍN, M^a JOSÉ
MARTÍNEZ REY, ADRIÁN
MATO DE LA IGLESIA, SALUSTIANO
MEANA MARTÍNEZ, JUAN CARLOS
MIGUEZ MIRAMONTES, JESÚS MANUEL
MOHAMED FALCÓN, KAIS JACOB
MOLLINEDO LOIS, CARLOS
PARDO FROJÁN, JUAN E.
PATIÑO CAMBEIRO, FAUSTINO
PATO RODRÍGUEZ, SANTIAGO EDUARDO
PAZ LÓPEZ, JOSÉ
PAZ PENÍN, CONCEPCIÓN
PENA URIS, GLORIA M.
PEÑA GALLEGU, ÁNGELES
PÉREZ COTA, MANUEL
PÉREZ GÓMEZ, LUÍS
PÉREZ PAZ, MARÍA FLOR
PORTEIRO FRESCO, JACOBO
POSADA GONZÁLEZ, DAVID
POU SARACHO, JUAN MARÍA
PRIETO JIMÉNEZ, INMACULADA
QUINTÁNS GRAÑA, CAMILO
QUINTÁS CORREDOIRA, M^a ÁNGELES
RAMALLO FERNÁNDEZ, FERNANDO
REIGOSA ROGER, MANUEL JOAQUÍN
REY GARCÍA, DANIEL
REY LOSADA, FRANCISCO JESÚS
RÍOS RODRÍGUEZ, GONZALO
RÍOS SANTOMÉ, MARÍA JOSÉ

Acta da sesión ordinaria do Claustro Universitario da Universidade de Vigo do día 20 de novembro de dous mil catorce, convocada para as 10:00 h en primeira convocatoria e ás 10:30 h en segunda no Paraninfo da Reitoría da Universidade de Vigo.

O día **20 de novembro de 2014** ás 10:38 h deu comezo a sesión ordinaria do Claustro Universitario, co obxecto de tratar a seguinte orde do día:

1. Aprobación, se procede, das actas da sesión ordinaria do 13 de decembro de 2013 e da extraordinaria do 29 de maio de 2014.
2. Informe do reitor:
 - Informe da vicerreitora de Estudantes (Regulamento TFG; Regulamento de Estudantes).
 - Informe da directora da Unidade de Igualdade acerca do desenvolvemento do 1º Plan de igualdade.
3. Informe do presidente do Tribunal de Garantías sobre o ano 2013.
4. Aprobación, se procede, da Normativa de modificación e aprobación dos Estatutos da Universidade de Vigo.
5. Aprobación, se procede, da composición da comisión encargada da modificación dos Estatutos da Universidade de Vigo.
6. Elección dos seguintes postos no Tribunal de Garantías:
 - a. Sector PDI-A: 1
 - b. Sector PDI-B: 2
 - c. Sector Estudantes: 1
7. Elección dos seguintes representantes na Comisión Electoral:
 - a. Sector Estudantes: 1
8. Elección dun membro da Comisión reclamacións a prazas do profesorado funcionario: 1 vacante.
9. Debate e aprobación, se procede, da descentralización do lugar de realización dos Claustros.
10. Debate sobre a idoneidade de que a Uvigo se posicione en contra da expulsión de 45000 estudantes do sistema universitario.
11. Debate sobre o posicionamento do Claustro acerca da suspensión cautelar dos artigos 3, 4, e 6 da Normativa de permanencia e progreso do estudantado das titulacións oficiais de grao e máster universitarios da Uvigo.
12. Debate sobre a inclusión de representantes de traballadores nas comisións de selección de PDI.
13. Rogos e preguntas.

RODRÍGUEZ BARCIA, SUSANA
RODRÍGUEZ DE PRADO, FRANCISCO
RODRÍGUEZ FREIRE, NOEL
RODRÍGUEZ GALLARDO, ÁNGEL
RODRÍGUEZ MARTÍNEZ, FRANCISCO JAVIER
RODRÍGUEZ VÁZQUEZ, ROSALÍA
RODRÍGUEZ VÁZQUEZ, VIRGILIO
SÁNCHEZ MOREIRAS, ADELA M.
SANTOS REYES, VALENTÍN
SEOANE POSSE, ELENA CELSA
SIEIRO VÁZQUEZ, CARMEN
SIOTA ÁLVAREZ, MÓNICA
TORRES ROMAY, EMMÁ
TUGORES MARTORELL, FRANCISCO
VALLEJO POUSADA, RAFAEL
VÁZQUEZ DORRÍO, JOSÉ BENITO
VÁZQUEZ OTERO, ELSA
VÁZQUEZ VICENTE, XOSÉ HENRIQUE
VELASCO GRAÑA, M^a RITA
VERA ISASA, MARÍA
VILA ALONSO, MERCEDES
DESCULPAN A SÚA AUSENCIA:
CID RODRÍGUEZ, TANIA
CUEVAS ALONSO, MIGUEL
CUIÑAS GÓMEZ, IÑIGO
DOVAL AVENDAÑO, M^a MONTSERRAT
FERRO SOTO, CARLOS
GARCÍA SEÑORÁN, M^a DEL MAR
GARCÍA SOIDÁN, JOSÉ LUÍS
GONZÁLEZ DOPAZO, LOIS
GRAÑA RODRÍGUEZ, ANA MARÍA
LANTARÓN CAEIRO, EVA M^a
LOVEIRA PAZÓ, ROSA M^a

Antes de abordar os temas relativos á orde do día, o reitor informa dos acordos adoptados pola Mesa do Claustro para a ordenación dos debates

1.- De acordo co establecido no artigo 16 do Regulamento do Claustro, procedeuse a sortear a letra que permitirá o ordenamento dos membros do Claustro que desexen participar en cada un dos puntos da orde do día. A letra elixida foi o "T".

2.- Indica tamén que se acordou fixar o límite máximo de tempo para cada intervención en 10 minutos para os propoñentes, con rolda de réplica de 5 minutos; 3 minutos para as intervencións, e 1 minuto para a quenda de réplica. A aplicación do tempo non será rigorosa, pero é unha orientación.

3.- O reitor informa que das eleccións que estaban previstas facer nos puntos 6, 7 e 8 da orde do día, tan só hai que levar a cabo as de eleccións de representantes para o Tribunal de Garantías, xa que non se presentaron candidaturas á Comisión Electoral (Sector Estudiantes), nin á Comisión de Reclamacións.

A Mesa acordou que pode comezar o proceso electoral dende o inicio da sesión do Claustro, de modo que todos os claustrais poden proceder a depositar o seu voto durante toda a sesión. Cando se chegue aos puntos relativos ás eleccións, daranse 10 minutos para que os membros da Mesa e os claustrais que non votaran o podan facer.

O reitor lembra o procedemento de votación, indicando o número de vacantes, e a cor da papeleta a empregar en cada sector e que de acordo co artigo 143.3 dos Estatutos, os candidatos deben obter o respaldo do 2/3 dos votos dos claustrais presentes do seu sector.

O reitor dá comezo ao desenvolvemento dos puntos da orde do día.

Punto 1. Aprobación, se procede, das actas da sesión ordinaria do 13 de decembro de 2013 e da extraordinaria do 29 de maio de 2014.

Indica o reitor que non se presentaron alegacións ás actas, polo que propón a súa aprobación.

Intervén o profesor Rodríguez Gallardo, indicando que non desexa participar na aprobación da acta do 13 de decembro porque hai un procedemento xudicializado, relativo á emeritaxe de dona M^a do Carmo Enríquez. Solicita que os claustrais que non o foran nese tempo expresen a súa abstención na votación. O reitor pregunta se algún claustral desexa facer constar a súa abstención.

Don Ángel Rodríguez Gallardo e dona Adela Sánchez Moreiras desexan que conste en acta a súa desvinculación expresa da aprobación da acta do 13 de decembro de 2013.

Apróbanse as actas.

Punto 2. Informe do reitor:

- Informe da vicerreitora de Estudantes (Regulamento TFG; Regulamento de Estudantes).
- Informe da directora da Unidade de Igualdade acerca do desenvolvemento do 1º Plan de igualdade.

Na Mesa do Claustro acordouse adiantar a esta sesión o informe da directora da Unidade de Igualdade, acerca do desenvolvemento do 1º Plan de igualdade, que inicialmente estaba previsto para o derradeiro Claustro do ano.

Cede o reitor a palabra a dona Anabel González Penín, quen realiza a presentación (**Anexo I**) do 1º Plan de Igualdade entre mulleres e homes da Universidade de Vigo que foi aprobado no Consello de Goberno do 12/11/12, tras unha diagnose da situación da igualdade na Uvigo, indica que o 70% das accións están executadas ou en proceso de execución, coa previsión de que estean implantadas á finalización do plan o 31 de decembro. Neste Plan se contemplaban 81 accións a desenvolver, estruturadas en catro eixos, das que xa se completaron 37.

A directora da Unidade de Igualdade sinalou os principais logros de cada un dos apartados. No primeiro dos eixos, “Compromiso da Universidade de Vigo coa Igualdade”, destacou o establecemento dun sistema de fomento de iniciativas e de incentivos ás boas prácticas en igualdade, creando o Premio Uviguala, ou o nomeamento de enlaces de igualdade nos diferentes facultades e escolas. No eixo referido “Á Cultura da Igualdade da Universidade” destacou a posta en marcha dunha programación estable de actos e xornadas de debate e reflexión, a elaboración do Manual de linguaxe inclusiva no ámbito universitario ou a posta en marcha de accións coma o proxecto ARTISTAS. Con respecto do eixo “Docencia, investigación e transferencia do coñecemento con perspectiva de xénero” subliñou a realización de distintas actividades docentes e investigadoras, así como a elaboración dunha guía de incorporación da perspectiva de xénero na docencia, a realización das Xornadas de Innovación en Xénero ou a posta en marcha de diferentes premios. En relación co eixo relativo ás “Relacións sociais e as condicións de traballo nun contorno de igualdade”, destacou a elaboración de informes de impacto de xénero nos procesos de selección, a realización de cursos ou a publicación da Guía de recursos e medidas de apoio á conciliación.

Finalizada a presentación da directora da Unidade de Igualdade, pregunta o reitor se alguén desexa facer un comentario ou precisa aclaración. Non hai intervencións.

Continúa o reitor explicando que, a solicitude dun representante de alumnos, a Mesa do Claustro acordou incluír un punto no que se informe da situación na que se atopan algunhas normativas, como o Regulamento do Traballo Fin de Grao e o Regulamento de Estudantes. Para o cal invitouse á vicerreitora de Estudantes para realizar a presentación do informe.

O reitor cede a palabra á dona Dolores González Álvarez e engade que a intención do equipo de goberno é o establecemento dun grupo de traballo, para levar a cabo unha elaboración en paralelo á modificación dos Estatutos.

Toma a palabra a vicerreitora, quen comeza explicando brevemente a dinámica de traballo en colaboración cos estudantes en reunións mantidas ao longo destes 5 meses tanto a Vicerreitoría de Estudantes como as vicerreitorías de Campus. Recalca que neste tempo se mantivo unha interlocución fluída e continua co estudantado para atender aos problemas derivados da aplicación e interpretación das diversas normativas que lles afectan, celebrando moitas reunións tanto para abordar problemas puntuais de alumnos ou grupos de alumnos dunha titulación ou centro concretos, ou cos representantes dos estudantes, para abordar e consensuar diversas resolucións e instrucións que dan solución a maioría dos problemas que os estudantes nos fixeron chegar. Explica que na aplicación da normativa de Traballo de Fin de Grao da Uvigo, aprobada

no Consello de Goberno do 14 de novembro de 2011, tanto o equipo de goberno como os centros, servizos e estudantado detectaron unha serie de eivas e desaxustes que precisaban solución, derivadas, na súa maioría, da redacción do artigo 8.11. Este artigo foi interpretado de maneira diferente polos distintos centros desta Universidade.

A vicerreitora clasifica aos centros en dous grupos en función da súa interpretación. No primeiro, están aqueles que consideran que a defensa do TFG só poderá realizarse unha vez que o alumnado teña superados todos os créditos restantes da titulación. Esta lectura é a máis concordante co RD 1393/2007 e coas outras universidades do SUG, e a meirande parte das do estado. O problema, neste caso, era de calendario, aspecto que se solucionou xa dende o curso 2013-2014, establecendo no calendario académico prazos específicos de presentación e avaliación dos TFGs posteriores a cada período de avaliación das restantes materias. No segundo grupo de centros, aqueles que permiten explicitamente nos seus regulamentos a defensa do TFG con materias non superadas, as reclamacións do alumnado céntranse en que si se aproba o TFG e non todas as restantes materias, deben volver a matricularse do TFG, co abono das taxas correspondentes, ademais de producirse un desaxuste entre a nota que figura na acta e a que se lle comunica ao alumno.

Indica a vicerreitora que antes de modificar este artigo 8.11, vaise manter unha xuntanza o día 2 de decembro cos directores/as e decanos/as dos centros entre a vicerreitora de Estudantes e a vicerreitora de Organización Académica e Profesorado. E finaliza a exposición deste apartado indicando que xa se deu resposta a outra petición dos estudantes e dalgúns centros, introducindo as actas individuais de TFG. Isto permite que os alumnos poidan facer o depósito do título sen agardar a que rematen todos os que están incluídos na acta, facilitando os trámites posteriores (matrícula máster ou incorporación laboral). O procedemento que se está a desenvolver, e que será explicado con detalle nos centros o 3 de decembro, automatizará a incorporación dos datos do alumno e permitirá unha xestión máis eficaz de todos os aspectos relativos ao TFG.

Proseguindo co seu informe, comenta a vicerreitora que a elaboración dun novo regulamento de estudantes da Universidade de Vigo que desenvolva o Estatuto do Estudantes Universitario, aprobado polo Real Decreto 1781/2010 de 13 de decembro, será un proceso paralelo á reforma dos Estatutos da Uvigo. Explica que cando a comisión encargada da elaboración dos novos Estatutos avance nos puntos relativos ao estudantado, traballarase en paralelo en ambos documentos recollendo e analizando as propostas de todos os sectores da comunidade universitaria, coa intención de que o regulamento de estudantes se debata nun Claustro próximo ao da aprobación dos novos Estatutos.

Finaliza a vicerreitora a súa exposición agradecendo a actitude proactiva amosada polos representantes dos estudantes nas negociacións mantidas, nas que achegaron dúas completas de regulamento de estudantes das delegacións de alumnos de Ourense e Vigo, que serán tidas en conta.

Pregunta o reitor se algún membro do Claustro desexa intervir en relación con este punto, e toma a palabra o profesor Ángel Rodríguez Gallardo, quen pregunta se estase aplicar na Universidade de Vigo un regulamento de disciplina académica do ano 54, trasnochado e franquista.

Responde a secretaria xeral indicando que o Decreto de setembro de 1954, que fixa o Regulamento de Disciplina Académica, non foi derogado, polo que segue a estar vixente en todo o Estado. E dado que na Universidade de Vigo non dispoñemos de un Regulamento de Réxime disciplinario, é unha necesidade que, na revisión normativa que se inicia, nos dotemos de un regulamento que matice ese decreto arcaico, e nos permita definir a maneira de actuar nese marco.

Non hai máis intervencións.

Punto 3. Informe do presidente do Tribunal de Garantías sobre o ano 2013.

O reitor, en cumprimento do artigo 143.6 dos Estatutos, cede a palabra ao presidente do Tribunal de Garantías (TG), D. Argimiro Rojo, quen pide comprensión e solicita flexibilidade no control do tempo, xa que é a única ocasión na que o TG se persoa diante do Claustro. Fai unha presentación do informe que se anexa a este acta (**Anexo II**) e que estrutura en oito apartados: no primeiro fai referencia ao conxunto de normas reguladoras do Tribunal de Garantías; no segundo realiza unha reflexión en torno á natureza e funcións do TG; no terceiro apartado se relacionan as diferentes modalidades de actuación (supervisión, investigación, mediación, recomendación e proposta); o cuarto apartado, que constitúe a parte central e máis extensa do informe, inclúe a relación de expedientes tramitados; no quinto dáse conta doutro tipo de actuacións (consultas, mediacións, entrevistas, recomendacións, elaboración de documentos) derivadas da súa misión de conciliación; no apartado sexto dáse conta da das relacións institucionais e actividade exterior do Tribunal; no sétimo, orzamento do Tribunal e aos gastos efectuados ao longo do 2013; e no último, realízanse comentarios acerca das cifras e comentar e interpretar os feitos e se realizan suxestións de actuacións futuras.

Destaca D. Argimiro Rojo a consolidación dunha tendencia de incremento no número de actuacións levadas a cabo por parte do Tribunal de Garantías, cun aumento no número de expedientes presentados; pasando de 25 no ano 2011 a 58 no 2012 e 66 no 2013, que relaciona cos tempos de crise que vivimos. Esta crise provoca un aumento da actitude reivindicativa, que leva á denuncia fronte a calquera situación de inxustiza. Pero tamén inflúe neste aumento de reclamacións a percepción da efectividade do propio TG.

Segundo indica o presidente do TG, no 2013 a maior porcentaxe de expedientes e asuntos tratados están referidos, ao alumnado (77,30%), seguido a bastante distancia polo profesorado (19,70%) e polo PAS (só un 3,07%), algo que atribuíu a que este sector acostuma a canalizar as reclamacións a través dos seus representantes sindicais. Refírese a continuación as causas principais das reclamacións: que no caso do alumnado están relacionados coa cualificación da avaliación continua, seguido da revisión de exames, problemas con validacións, a cualificación do TFG ou a concesión de bolsas; no caso do profesorado, as queixas están relacionadas coa desconformidade co POD, o procedemento utilizado nas enquisas de avaliación docente, calendario académico etc. Por último, o persoal de administración e servizos solicita a intervención do TG en relación coa homologación de niveis de postos de traballo e coa redución salarial.

Finaliza o presidente do Tribunal de Garantías realizando unha serie de recomendacións: como corrixir os casos puntuais de demoras ou silencios á hora de atender ás demandas do Tribunal, así como mellorar a relación entre as distintas partes do sistema universitario, proponendo un “novo pacto baseado na cultura do respecto e as boas maneiras, da confianza e, por que non, da cordialidade”. O Sr. Rojo subliña a necesidade de abordar unha modificación do Regulamento do Tribunal de Garantías, así como a de incentivar a participación dos membros do TG, e facer un esforzo para cubrir as baixas. Destaca que o TG non é un órgano nominal, senón básico, xa que as súas funcións van destinadas á consecución da calidade universitaria. Finaliza o seu informe expresando o seu agradecemento aos membros do Tribunal de Garantías.

Punto 4. Aprobación, se procede, da Normativa de modificación e aprobación dos Estatutos da Universidade de Vigo.

Indica o reitor que, tal como se informou diante do Consello de Goberno, neste Claustro vaise iniciar o proceso de modificación e renovación dos Estatutos da Universidade de Vigo. A nova Lei do Sistema Universitario Galego do 2013 obriga a adaptar os estatutos das universidades do SUG nun prazo de 3 anos, e

pasado xa un ano e, tendo en conta as previsións de duración do proceso, parece o momento axeitado para cumprir esa obriga. Destaca tamén o reitor que non se trata só dunha obriga, senón que esta renovación é unha oportunidade para corrixir aqueles regulamentos e normativas que quedaron desfasados ou que tiveron que seren modificados nestes anos e adaptar o conxunto ás actuais condicións académicas.

Cede o reitor a palabra á secretaria xeral, quen presenta unha proposta de Normativa para a modificación e aprobación dos Estatutos.

Expón a secretaria xeral que segundo o artigo 162 dos Estatutos da Universidade de Vigo, a reforma do texto actual dos Estatutos requirirá o acordo do Claustro. E, para poder presentar diante deste Claustro unha proposta de texto modificado, será necesario dispor dun procedemento para a súa elaboración e aprobación, así como dunha Comisión que leve a cabo a súa redacción. Presenta a proposta de Normativa de modificación e aprobación dos Estatutos como unha normativa sinxela, derivada dos procedementos seguidos en anteriores modificacións estatutarias; concretamente do procedemento aprobado polo Claustro, en sesión do 13 de decembro de 2002 e do 12 de febreiro de 2003, empregado para realizar a adaptación dos primeiros Estatutos da Uvigo, publicados no DOG o 22 de outubro de 1993, á Lei Orgánica de Universidades 6/2001, de 21 de decembro. Tamén fai referencia ao procedemento aprobado polo Claustro, en sesión do 17 de marzo de 2009, para adaptar os Estatutos de 2003 á disposición adicional oitava da Lei Orgánica 4/2007, de 12 de abril, pola que se modificaba a LOU. Indica que a proposta cumpre os artigos recollidos no Título VIII dos Estatutos da Uvigo, así como o artigo 31 do Regulamento de Réxime Interno do Claustro.

Explica brevemente os puntos da proposta. Comenta que a modificación introducida no parágrafo 3 do punto segundo faise para intentar que a normativa sexa o máis participativa posible e facilitar a participación directa con toda a comunidade universitaria. Así, se indica que “O texto do anteproxecto publicarase asemade na páxina web da Secretaría Xeral no apartado de “Información Pública”, podendo os membros da comunidade universitaria presentar emendas, sempre e cando estean avaladas, alomenos, pola sinatura de 25 membros da comunidade universitaria”.

Indica a secretaria xeral que, ao inicio da sesión, se recibiu un escrito da AGPTU no que se realiza unha proposta de modificación do artigo terceiro da proposta presentada, e que existen copias á disposición dos claustrais. Propón que a representante da dita asociación que asina a proposta realice a súa defensa.

Abre o reitor unha rolda de intervencións, cedendo a palabra inicialmente a dona María Vera Isasa, quen indica que a proposta presentada polo equipo de goberno concede moito poder á Comisión encargada da modificación dos Estatutos, polo que realizan a proposta seguinte, coa que queren abrir o debate cara ó Claustro (incluída no **Anexo III**): “A Comisión debaterá as emendas presentada se, no seu caso as someterá a votación. A emenda entenderase aprobada se obtén o voto da maioría dos membros da Comisión. No caso de que unha emenda non sexa aprobada pero obteña o voto favorable de máis dun terzo dos membros da Comisión, debaterase no Claustro, que tomará en consideración a súa inclusión no anteproxecto de Estatutos. Para todas as emendas que sexan rexeitadas, a Comisión dará resposta motivada de tal decisión aos solicitantes”.

O reitor indica que non hai inconveniente en incluír esta modificación na redacción da Normativa, xa que se considera unha mellora.

Intervén D. Federico Fernández, para indicar que a súa proposta ía no mesmo sentido, polo que apoia a modificación presentada por dona María Vera Isasa.

Toma a palabra o Sr. Miguel Diéguez para presentar unha modificación no número de membros da comisión, polo que o reitor lle indica que realice a defensa no punto seguinte.

Pregunta o reitor se o Claustro aproba a proposta de Normativa coa modificación presentada pola AGPTU.

Apróbase por asentimento a Normativa de modificación e aprobación dos Estatutos da Universidade de Vigo (**Anexo IV**).

Punto 5. Aprobación, se procede, da composición da comisión encargada da modificación dos Estatutos da Universidade de Vigo.

Cede o reitor a palabra ás secretaria xeral, quen realiza a proposta de composición da Comisión que deberá elaborar a proposta de texto estatutario modificado, para a súa presentación no Claustro. Explica que na comisión proposta trátase de reunir as condicións de operatividade e representatividade dos distintos sectores da comunidade universitaria. Por iso propónse unha Comisión de 10 membros elixidos no Claustro universitario, mantendo relación porcentual de representatividade dos distintos sectores fixada na composición do Claustro, e presidida polo reitor ou persoa en quen delegue, constituída por:

- 5 representantes do profesorado doutor con vinculación permanente á universidade PDI-A (51%)
- 1 representante do restante persoal docente e investigador, PDI -B (9%)
- 3 representantes do estudantado (30%)
- 1 representante do PAS (10%). Salienta a secretaria xeral o erro tipográfico (figura 1% na proposta enviada)

Abre o reitor unha rolda de intervencións e cede a palabra a D. David Basalo, quen indica que cunha representación tan baixa non é posible a presenza no PAS das distintas agrupacións existentes neste colectivo. Ademais de que se por algún motivo non puidera asistir, quedaría este sector sen representación. Por este motivo, solicita un mínimo de dous representantes do persoal de administración e servizos. Tamén indica que mellorando o funcionamento da Comisión cun maior número de membros podería ser igual de operativa (videoconferencia, correo electrónico etc.).

Responde o reitor que coa modificación anteriormente presentada na Normativa xa se incorpora a participación da comunidade. Así mesmo, a Comisión pode definir o nomeamentos de suplentes que cubran o seu posto cando non poidan asistir. Indica tamén que aumentar a 2 o número de PAS implica un incremento do número e, dado o elevado número de reunións que serán necesarias, se limitaría a súa funcionalidade.

Intervén o Sr. Miguel Diéguez, quen coincide coa intervención anterior, indicando que tres representantes do estudantado son insuficientes, polo que propoñen incrementar o número de membros da comisión a 17 ou 20. A secretaria xeral lembra a composición da comisión que realizara a anterior modificación dos estatutos (17 membros: Presidente, 7 Profesores Funcionarios Doutores, 2 Profesores doutro Persoal Docente e Investigador, 5 Estudiantes e 2 PAS), así como tamén as dificultades para reunirse que xurdiron ao longo do proceso. A definición dun regulamento axeitado de funcionamento da propia comisión pode garantir a correcta representatividade dos distintos sectores, máxime tendo en conta que a comunicación das propostas pode chegar directamente dende a comunidade universitaria.

O reitor indica que, a pesar de considerar que a proposta garante a axeitada representatividade e axuda ao correcto funcionamento da Comisión, non se desexa facer un "casus belli", polo que abre unha nova rolda para que se realicen novas propostas.

Intervén o Sr. David Basalo, quen propón manter a composición da comisión anterior, buscando operatividade co regulamento de funcionamento da comisión.

D. Ángel Rodríguez Gallardo intervén para propoñer unha transaccional, unha proposta intermedia, que aumente 1 membro do PAS e 1 dos estudantes, mantendo o total.

O profesor Reigosa Roger di que se trata dunha transaccional mal axustada, xa que non se mantén a representatividade dos sectores. Debería definirse unha comisión coa proporcionalidade correcta.

Dona Adela Sánchez retoma o punto anterior, para indicar que lle sorprende que no punto 2 da normativa se aumente o número de sinaturas necesarias para poder presentar unha modificación, de 10 a 25 avais.

Responde o reitor explicando que aínda que ese punto xa fora debatido anteriormente: nun caso a esixencia é de 10 avais de claustrais, mentres que, no parágrafo que se incorpora á proposta actual, as 25 sinaturas son de membros da comunidade universitaria.

Despois dun intercambio de opinións entre D. Antón Fernández, dona Generosa Fernández, D. David Basalo e D. Miguel Diéguez, que propoñen diversos números de compoñentes e proporcións, chégase a unha proposta final de 16 membros: Presidente, 7 PDI A, 2 PDI B, 2 PAS e 4 estudantes.

Dona Generosa Fernández destaca a necesidade do voto de calidade do presidente diante do número par de membros.

O reitor indica que os temas de funcionamento os definirá o regulamento da propia comisión, pero que pode acordarse o voto de calidade.

Apróbase por asentimento a composición da comisión encargada da modificación dos Estatutos da Universidade de Vigo (Presidente; 7 PDI-A; 2 PDI-B; 2 PAS; 4 Estudantes).

Punto 6. Elección dos seguintes postos no Tribunal de Garantías:

- a. Sector PDI-A: 1
- b. Sector PDI-B: 2
- c. Sector Estudantes: 1

Lembra o reitor que se acordara ao inicio da sesión dar un tempo de 10 minutos para que poidan votar todas aquelas persoas que non o fixeran, procedéndose despois ao recuento dos votos.

Trala realización das votacións e efectuado o recuento de votos, os resultados das eleccións para cubrir as vacantes do Tribunal de Garantías, son os seguintes:

Sector PDI-A (1 vacante por cubrir)

Votos emitidos: 56; en branco: 8; nulos: 0

<u>CANDIDATURA</u>	<u>VOTOS</u>
- Amigo Dobaño, Josefina Lucy	11
- López Sánchez, Óscar	28
- Rodríguez Gallardo, Angel	9

2/3 dos presentes necesarios para a elección: 49

Polo tanto, ningún candidato acada os votos necesarios.

Sector PDI-B (2 vacantes por cubrir)

Votos emitidos: 9; branco: 1; nulo: 1

<u>CANDIDATURA</u>	<u>VOTOS</u>
- Ferreiro Vázquez Óscar	5
- González Santamaría, Pedro	6
- Ricoy Casas, Rosa María	2

2/3 dos presentes neste sector: 7

Polo tanto, ningún candidato acada os votos necesarios.

Sector ESTUDANTES (1 vacante por cubrir)

Votos emitidos: 10; brancos: 0; nulo: 0

<u>CANDIDATURA</u>	<u>VOTOS</u>
- Diéguez Rodríguez, José Miguel	10
- Pereira Moreira, Roberto.	0

2/3 dos presentes neste sector: 7

Polo tanto, Miguel Diéguez acada os votos necesarios.

Tendo en conta os resultados anteriores, noméase a D. J. Miguel Diéguez Rodríguez membro electo do Tribunal de Garantías polo sector estudantes, quedando vacantes 1 posto do sector Sector PDI-A (Profesorado doutor con vinculación permanente) e 2 postos do sector PDI-B (outro persoal docente e investigador).

Comunica o reitor que na próxima sesión do Claustro se convocarán novamente as eleccións para cubrir estas vacantes, e solicita que os candidatos traten de chegar a acordos que posibiliten cubrir ditas vacantes.

Punto 7. Elección do seguintes representantes na Comisión Electoral:

- a. Sector Estudantes: 1

Informa a secretaria xeral que non se presentaron candidaturas, polo que non se celebran eleccións. Comunica o reitor que queda unha vacante para ser cuberta en eleccións realizadas no próximo Claustro.

Punto 8. Elección dun membro da Comisión reclamacións a prazas do profesorado funcionario: 1 vacante.

Novamente informa a secretaria xeral que non se presentaron candidaturas, polo que non procede celebrar eleccións. Comunica o reitor que queda unha vacante para ser cuberta en eleccións realizadas no próximo Claustro.

Punto 9. Debate e aprobación, se procede, da descentralización do lugar de realización dos Claustros.

Expón o reitor que un representante do alumnado, Luis González Varela, propuxo este tema diante da Mesa do Claustro, e aínda que non sería precisa a aprobación por parte do Claustro desta proposta, considerou convinte debatelo nese foro para pulsar a opinión da comunidade.

O equipo de goberno, que xa considerara esta posibilidade, posicionase a favor desta proposta de descentralización, xa que se trata dunha medida coa que dar visibilidade á descentralización dos órganos de goberno da universidade, e á integración destes órganos con maior intensidade nos Campus de Pontevedra e Ourense. Engade que como aspectos en contra que se valoraron son a maior dificultade de lograr quórum nas sesións e o incremento no custo de realización das mesmas, por mor do traslado de maior número de claustrais. A pesar destes inconvenientes, expresa o acordo do equipo de goberno con esta postura de descentralización.

O reitor cede a palabra a Luis González Varela, como proponente deste punto, quen á súa vez a cede ao Sr. Santiago Pato, representante dos estudantes. Os estudantes agradecen o apoio do equipo de goberno a esta proposta, xa que consideran especialmente relevante a presenza dos claustros nos campus nas próximas sesións, nas que se debaterán as modificacións dos Estatutos e normativas. Pregunta o Sr. Santiago Pato de que xeito se vai levar a cabo esta medida.

Reponde o reitor que se realizará de xeito rotatorio nas sesións ordinarias. Nas sesións extraordinarias do Claustro considera que pode haber algunha dificultade polo curto período de tempo das convocatorias, que poden limitar a organización do mesmo. Un sistema similar desexa que se aplique para as sesións do Consello de Goberno. Indica que no caso de non lograrse quórum seguiríase a orde na rotación.

Ao non haber máis intervencións en relación con este punto, indica o reitor que recollerase na acta que se debateu e aprobou no Claustro a rotación das convocatorias dos órganos de goberno entre os tres Campus.

Punto 10. Debate sobre a idoneidade de que a Uvigo se posicione en contra da expulsión de 45000 estudantes do sistema universitario.

Inicia este punto o señor reitor, indicando que tamén foi proposto na Mesa do Claustro polo Sr. Luis González Varela, representante dos estudantes. Nela solicitóuselle que presentara un texto para que o Claustro puidera posicionarse ao respecto, documento que se achegou coa documentación da convocatoria. Para a súa presentación, cédelle a palabra ao representante Sr. González, quen a súa vez cede a portavocía ao Sr. Miguel Diéguez. O representante dos estudantes realiza unha explicación da campaña “Faltan 45000” indicando que se trata dunha campaña emprendida a nivel de todo o estado para visualizar que debido a aplicación da política de bolsas, as universidades están a perder un gran número de estudantes que non poden pagar as taxas. Aínda que no SUG non se incrementaron, a crise afecta a todas as universidades. Explica que

trátase dunha proposta non vencellada a ningunha ideoloxía política, que intenta aglutinar aos distintos colectivos de todo o Estado.

O Sr. Diéguez pasa a ler o texto proposto para que o Claustro poida posicionarse (**Anexo V**).

Finalizada a exposición realizada polo representante dos estudantes, o reitor expresa o apoio do equipo de goberno a esta demanda, e pregunta ao Claustro se aproba a adhesión da Uvigo a esta campaña.

Apróbase por asentimento.

Punto 11. Debate sobre o posicionamento do Claustro acerca da suspensión cautelar dos artigos 3, 4, e 6 da Normativa de permanencia e progreso do estudantado das titulacións oficiais de grao e máster universitarios da Uvigo.

Expón o reitor ao inicio deste punto que este debate foi proposto tamén polo representante de estudantes Sr. Luis González Varela e, antes de cederlle a palabra, lembra que non é competencia do Claustro a aprobación das modificacións na Normativa de permanencia, xa que, segundo os Estatutos da Uvigo, é competencia do Consello Social, tras audiencia dos representantes do alumnado no Claustro, por proposta do Consello de Goberno e tras o informe do Consello de Universidades. Indica que se debe realizar un debate para ter unha iniciativa que se poida elevar aos órganos competentes, e invita á vicerreitora de Estudantes para que realice unha presentación da situación actual e de como se procedeu neste tema, antes de cederlle a palabra ao propoñente.

A vicerreitora de Estudantes comeza sinalando que a Universidade está obrigada polo artigo 46.3 da LOU a ter una Normativa de permanencia e progreso, e que o proceso para cambiala non é doado, pois como vén de indicar o reitor debe ser aprobada polo CG e informada polo Consejo de Universidades (informe que é preceptivo) antes de ser aprobada polo Consello Social e publicada no DOGA.

Lembra a curta historia desta Normativa, aprobada polo Consello Social o 2 de abril de 2013 tras ser negociada co estudantado, e informada polo Consejo de Universidades como 'excesivamente laxa'. Engade que antes da súa entrada en vigor, o 7 de xuño de 2013, publicouse unha instrución de aplicación de dita Normativa, co propósito fundamental de evitar a retroactividade e non prexudicar aos estudantes que comezaron e organizaron os seus estudos sen unha normativa que regulase o seu progreso. Explica a vicerreitora que durante o curso 2013-2014 xurdiron varios problemas relacionados con esta Normativa, aínda que un número importante destes casos derivaban do descoñecemento da mesma, dos deseños dalgúns plans de estudos ou de normativas sobrevidas (como o decreto Wert de bolsas).

Aínda así, recoñece a vicerreitora a conveniencia de modificar a Normativa, pero non ve a necesidade de suspender cautelarmente ningún dos artigos, pois no pasado mes de maio, tras de falar varias veces con representantes de estudantes, cos servizos, especialmente os de Alumnado e Posgrao (aos que agradece as súas suxestións e comentarios), e de facer unha profunda análise de cada un dos escritos recibidos na Vicerreitoría sobre este tema dende a entrada en vigor da Normativa, publicouse unha instrución na que se daba solución á gran maioría das cuestións propostas polo estudantado. Considera que neste momento é unha norma que efectivamente podería ser máis clara na súa redacción, pero coa que se poden matricular e progresar adecuadamente sen maiores problemas todos os estudantes da Universidade. Asemade, deu conta do informe preliminar da Asesoría Xurídica, sobre a suspensión dos artigos solicitados dende a Mesa do Claustro, e concluíu que neste caso habería que valorar non só a seguridade xurídica, senón tamén a

seguridade académica dunha medida deste tipo. Comprometeuse a seguir atendendo e tratando de dar solución aos problemas que puidesen xurdir ata a aprobación da nova Normativa; que ía negociar co estudantado, os centros e os servizos.

Tras a intervención da vicerreitora, o reitor cede a palabra ao Sr Luis González Varela, quen agradece os esforzos da vicerreitora por solucionar os problemas que xera a Normativa, poñendo de manifesto un cambio cualitativo e cuantitativo con respecto da situación anterior. Tamén agradece aos vicerreitores de campus, ao persoal de administración servizos, que teñen axudado moito ao asesoramento do alumnado. Fai unha especial mención ao Tribunal de Garantías, que no seu expediente 64/13 recolle por primeira vez que a Normativa de permanencia e progreso do estudantado das titulacións oficiais de grao e máster universitario da Universidade de Vigo está ocasionando numeras dúbidas e problemas - o que crea prexuízos e situacións obxectivas de indefensión por parte do alumnado." e ao propio reitor por asinar a resolución reitoral que garantiza que non se expulsen alumnos da Uvigo polos requisitos de permanencia. Con todo, recalca que as modificacións realizadas indican que a Normativa é inadecuada e insiste na necesidade de suspender os artigos 3, 4 e 6, de xeito cautelar e temporal, como xa se fixera previamente na Uvigo coa anterior Normativa de permanencia, xa que considera que son responsables de que moitos estudantes abandonasen os seus estudos e outros se viran forzados a irse a outras universidades, polas dificultades na simultaneidade de estudos ou pola obriga de matricular un mínimo de créditos anualmente.

O reitor completa a información relativa á negociación inicial da Normativa, que se levou a cabo sen oposición dos representantes dos alumnos, e recalca que o Ministerio destacou a lasitude da Normativa elaborada. Recalca tamén que os problemas xurdiron na aplicación da Normativa en casos que non foron detectados inicialmente, pero que foron emendados. Lembra que ningún estudante tivo que abandonar os seus estudos pola Normativa de permanencia, porque se fixo unha interpretación extensiva do artigo 4.7 da mesma, para permitir a continuación dos estudos a todos os estudantes que o solicitasen. Incide na seguridade xurídica que debe ter como representante da Universidade, polo que se fai necesario solicitar novos informes, e mesmo valorar que se fai noutras universidades. Pero non se pode esquecer a repercusión que pode ter unha suspensión nos procesos de acreditación de títulos, proceso que non estaba en marcha cando se suspenderon previamente os artigos da Normativa. Propón que o Claustro inste ao goberno a que estude estas seguridades.

O representante de estudantes Sr. Luis González indica que non había representantes dos estudantes de grao cando se aprobou a Normativa, e que se presentaran cuestións ao anterior vicerreitor que non foron contestadas. Pide que se acheguen á acta os documentos enviados (**Anexo VI**). Recalca que considera que a Normativa non se adapta a realidade, pero que non reclaman a súa anulación, senón a suspensión dalgúns artigos; e solicita que o Claustro se posicione a favor da suspensión, á espera dos informes.

Intervén dona Antonia Blanco para indicar que debería aclararse que ningún alumno teña que deixar os estudos pola Normativa.

Responde o reitor que ata o de agora resolvéronse todos os problemas coas interpretacións realizadas da Normativa.

O representante de estudantes, Sr.Miguel Diéguez, agradece a xestión deste tema por parte do reitor e da vicerreitora, que atenderon aos argumentos presentados polo estudantado, pero entende que son parches, polo que considera que a suspensión evitaría novos problemas ata a publicación da nova Normativa. Fai referencia que outras universidades son menos restritivas, citando á UdC que, na súa opinión, permite cursar ata 90 créditos.

Dona Benedicta Expósito intervén para apoiar a suspensión solicitada polo estudantado, porque considera que é unha norma que non foi negociada nin informada e que é difícil de interpretar e de explicar por parte dos administrativos, o que está a causar moitos problemas aos estudantes. Indica que coa limitación que se impón nesta Normativa se afecta a alumnos que poderían rematar antes os seus estudos. Menciona tamén que a súa aplicación incluso causa problemas coas aplicacións de xestión informática. Por todo, considera que é inxusta e debe ser retirada, xa que causa maior inseguridade no caso de se manter.

Dona Generosa Fernández discrepa e maniféstase en contra da suspensión. Afirmar que hai servizos, como o do seu centro, que non teñen problemas para a interpretación da mesma. Considera que coas instrucións de aplicación vixente poden resolverse os problemas que os estudantes formulan. Engade que non lle consta que ningún estudante abandonase os estudos pola aplicación desta Normativa. Finaliza dicindo que está de acordo con que se mellore a Normativa, pero que debe recadarse a información necesaria.

Intervén, de novo, o representante de estudantes Luis González para indicar que o problema preséntase nos alumnos que non chegan a reclamar ante o reitor ou que non están recollidos nas instrucións da Vicerreitoría de Estudantes. Estudantes que non se poden matricular por cuestións económicas do mínimo de créditos obrigatorio na UVigo ou que non podendo compatibilizar estudos entre varias titulacións, másteres e/ou doctorado, remantan, en ocasións, noutras universidades.

Así mesmo, o estudante Luis González, puntualiza o curto espazo temporal de aplicación da Normativa de permanencia e a cantidade de modificacións prácticas recollidas nas instrucións, o número de instrucións, as solucións particulares que se deron a casos concretos, o déficit de información ao alumnado, a necesidade de formar especificamente ao PAS para á aplicación da Normativa e a cantidade de dúbidas, problemas e situacións de inseguridade que se produce no alumnado. Remata recalando a necesidade de modificar dita Normativa o antes posible e de paliar de raíz tódolos problemas causados polo actual articulado de apenas cinco páxinas e sete artigos mediante a suspensión temporal e cautelar dos artigos 3, 4 e 6.

Responde dona Generosa Fernández, que poden solicitar a excepcionalidade.

Dona Benedicta Expósito indica que ten que haber unha Normativa, pero xusta e que valore igualmente a todos os alumnos.

O reitor resume indicando que as posturas quedan claras, e que a proposta do Claustro podería concretarse en tres puntos:

- Facer patente a preocupación do Claustro pola aplicación da Normativa de permanencia e progreso do estudantado nas titulacións oficiais de grao e máster universitario da Uvigo.
- Acelerar a definición dunha nova Normativa que solvente os problemas da actual.
- Compromiso de estudar a viabilidade dunha posible suspensión sempre que os servizos xurídicos e os informes dos órganos competentes garantan a seguridade non só xurídica se non tamén académica desta medida.

Puntualiza o Sr. Luis González que este debate xa é de por si un avance; e considera positiva a proposta de traballo e consenso realizada polo señor reitor, tras dous cursos de traballo nesta problemática. Despois de consultalo co resto de representantes de alumnos presentes no Claustro, acéptase a proposta exposta polo señor reitor.

Punto 12. Debate sobre a inclusión de representantes de traballadores nas comisións de selección de PDI.

O reitor cede a palabra á secretaria xeral, quen explica que este punto foi presentado na Mesa do Claustro por dona Adela Sánchez Moreiras. Lembra os antecedentes normativos, concretamente a normativa da Universidade de Vigo pola que se determinan as bases xerais das convocatorias de concurso para a selección de persoal docente interino e contratado da Uvigo, que especifica no seu artigo 12 que *“para a comprobación e cualificación dos méritos dos aspirante a cada tipo de praza e o establecemento da orde de prelación, o consello de Departamento elixirá unha comisión Específica da area de coñecemento composta por 5 membros con titulación igual ou superior ca esixida para o acceso a dita praza, e completada con membros de áreas afíns, de selo caso.”* Cita tamén o II Convenio colectivo para o persoal docente e investigador das universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo, que indica *“A composición, funcionamento e procedemento de designación dos compoñentes das comisión de selección determinaranse nunha normativa cuxos criterios xerais serán negociados coa representación lexítima dos traballadores”*. Expón que, atendendo a ambas normativas, as resolucións Reitorais que convocan os concursos para a contratación de profesorado asociado, profesor axudante doutor e no concurso para a elaboración de listas de agarda de persoal docente interino, fan constar; *“ en base ao previsto no artigo 26 do II convenio colectivo para o persoal docente e investigador, asistirá á comisión, con voz pero sen voto, unha persoa proposta pola representación das traballadoras e traballadores, sempre e cando sexa designada no prazo de dez días desde a notificación por parte da universidade”*.

Explica a secretaria xeral que dado que estas prazas se resolven por valoración de méritos sen ningunha proba pública, a presenza dos representantes dos traballadores contribúe á garantir unha correcta definición e aplicación dos criterios de selección. Pero no caso das prazas de Contratado Doutor, aclara, as normativas da Uvigo, concretamente a Normativa Reguladora dos Concursos de Acceso aos Corpos Docentes Universitarios, o Procedemento de Selección de Profesorado Contratado Doutor con Vinculación Permanente na Universidade de Vigo (CG 8/10/2008) e o Regulamento de Profesorado da Uvigo (Claustro 24 xullo de 2012). Ditas normativas establecen a equiparación en dereitos e obrigas para os CD e os Profesores Titulares de Universidade, polo tanto, os criterios para as probas e a realización das mesmas son idénticos. A comisións de selección deben realizarse consonte a uns criterios de categoría e número de sexenios, e as probas son públicas, polo que contan coa mesma garantía na súa execución. Ao seren públicas as probas, calquera persoa pode asistir ás mesmas, pero non participar no debate da comisión co candidato, xa que elo equivalería a ser membro da comisión.

O reitor cede o a palabra, como proponente deste punto, a dona Adela Sánchez, quen a cede a don Ángel Rodríguez Gallardo, como presidente do Comité PDI-L.

O Sr. Rodríguez Gallardo explica que esta solicitude realizouse en distintas ocasións, porque hai unha preocupación entre os candidatos as prazas, así como unha serie de reclamacións tras diferentes concursos. Estes feitos xustifican que se levara á Mesa de negociación, así como que se dera traslado en diversos escritos á Vicerreitoría de Profesorado do equipo anterior. Considera que hai un discurso do poder que desexa blindar da mirada allea as comisións de seleccións e os criterios, cando se trata do paso a prazas estables. Polo que esta reclamación se centra nas prazas de contratado doutor. Refire o profesor Rodríguez Gallardo que volveron a reclamar e se lles respondeu cun informe sesgado. Continúa indicando que nas restantes universidades do SUG teñen presenza os representantes dos traballadores; que a UdC o vén de aprobar no 2014. Insiste en que non se está a cumprir o artigo 26 do II Convenio Colectivo, do que extrae o parágrafo: *“Cada universidade establecerá un baremo puntuado de méritos, que poderá incluírse na correspondente normativa de selección de profesorado. Previamente, será informado de maneira razoada polo Comité de Empresa no prazo de quince días. No caso de informe negativo, a universidade en igual prazo emitirá informe razoado”*.

Responde o reitor que cuestionar o procedemento de actuación nas prazas de CD é cuestionar o das prazas de Titular de Universidade. Explica que se refire a que non se fai a negociación previa na definición dos

baremos, haberá que solucionalo nos ámbitos de negociación correspondente. Pero o que é incuestionable é que non se pode outorgar voz nun acto público de defensa dunha praza nin a un representante sindical nin a ningunha outra persoa. Entende o reitor que a resposta que recibiu o Comité nas súas peticións era dirixido a esta petición de voz. Pero que na parte de definición dos baremos, mellorárase a notificación para participar nese proceso, podendo incluso invitarse á participación como público nas probas.

Na quenda de réplica intervén o profesor Rodríguez Gallardo, para aclarar que non era iso o que se pide, pídesse que exista un baremo e que os representantes participen no acto no que se fixen, reitera que na UDC faise. Lembra o caso da súa praza, na que os criterios de valoración foron, na súa opinión, incorrectos. Insiste en que é necesario mellorar a baremación, para que os candidatos teñan unha folla de ruta clara.

Toma a palabra dona Adela Sánchez para reforzar a idea de que a petición vai no sentido de ter presenza, non tanto voz. Recalca que o acto de defensa é pública, pero a definición dos baremos que se aplican non é comunicada aos representantes dos traballadores. Engade que, por outra banda, cando chegan as reclamacións á Comisión de Reclamacións non se entra a cuestionar a baremación. Destaca que considera un avance que se debata no Claustro.

O reitor fai un resumo, indicando que na Uvigo se aplica correctamente a normativa e o Convenio Colectivo nas prazas de contratado e axudante. Con respecto das de contratado doutor, repite que a resposta emitida dende a Universidade foi orixinada pola petición de voz nas probas de selección. Se a solicitude se refire a participar no establecemento dos baremos e na salvagarda da metodoloxía, definindo mellor a participación e o control sobre o que fai a comisión, deberá tratarse na mesa de negociación do PDI. Recalca que é importante que se considere se o que se quere é diferenciar que os CD sexan diferentes dos TU. Debe valorarse e debaterse. O equipo de goberno será respectuoso co que decida a mesa do PDI-L. Di que hai unha marxe de mellora, e nese sentido comprométese a traballar no mesmo plano.

Engade o Sr. Rodríguez Gallardo que a interpretación do reitor é a que é, e insiste en que non vale calquera cousa. Coincide co exposto polo presidente do Tribunal de Garantías na necesidade dun pacto nas formas e tamén no respecto da normativa, e apoia a mensaxe do TG: temos que abrazar as normativas. Indica tamén que non se coñece o número de prazas xudicializadas; e finaliza reiterando que se debe mirar o que fan as universidades da Coruña e de Santiago de Compostela.

Punto 13. Rogos e preguntas.

Solicitan a palabra D. Ángel Rodríguez Gallardo, Dna. Adela Sánchez, Dna. Mercedes García, D. Federico Fernández e Dna. Belén Fernández.

1. Dona Belén Fernández Docampo fai unha cuestión en relación o informe do presidente do Tribunal de Garantías. Recoñece a labor do Tribunal, pero pon de manifesto a incompatibilidade na que incorreu un dos seus membros, concretamente o vicepresidente do Tribunal de Garantías, D. Roberto Fernández López, quen exerceu de director en funcións do Departamento de Dereito Público Especial durante un tempo. Pregunta se vai quedar sen consecuencias este incumprimento.

Responde a secretaria xeral indicando que cando esta incompatibilidade foi detectada na Secretaría Xeral, foi trasladada ao interesado quen dimitiu como director en funcións. Prosigue explicando que no escrito dunha profesora do departamento que recorría á sesión extraordinaria do Consello de Departamento na que se realizaron as eleccións a director, xa figuraba un punto no que se reclamaban responsabilidades. Nese punto, o escrito parecía concretarse na participación dunha alumna nas votacións realizadas, cando en realidade non era membro do Consello de Departamento, quedando máis en segundo plano as do director en funcións que convocou a Sesión. Indica a Secretaría Xeral que o informe da Asesoría Xurídica que se solicitou naquel momento, responde ao

caso da alumna, pero non fai referencia ao outro caso, polo que dende Secretaría xeral solicitouse un novo informe ao respecto. Cando se reciba, informarase e actuarase en consecuencia.

2. O Sr. Federico Fernández pregunta polas negociacións que estanse a desenvolver co PAS, co rogo de máis vontade política diante das reclamacións do complemento específico e da RPT. Recoñece que se desatacou parte da negociación, pero non queren que se dilate no tempo. Pregunta tamén pola situación da empresa Linorsa en relación coa Universidade. Solicita que se vele polo cumprimento das condicións da contrata de limpeza para que os traballadores poidan cobrar o que a empresa lles adebeda.

Responde o reitor que toma nota do rogo. Con respecto da empresa Linorsa resalta que a Uvigo cumpre a súa parte con claridade, está ao corrente dos pagos coa empresa, polo que non hai relación cos atrasos aos traballadores.

3. Dona Mercedes García Bugarín solicita que se presione á CIUG para que abra prazos de matriculación en agosto, o que causa problemas a alumnos que habendo aprobado en xullo non entran na universidade ata outubro.

Responde o reitor que se vai dar un paso definitivo na solución destes problemas coa constitución do Consorcio Interuniversitario de Galicia, que se está impulsando na actualidade. Mentres tanto, presionarase diante da CIUG para que se solucione.

4. D. Ángel Rodríguez Gallardo, pregunta pola data na que se comunicou a Dona M^a do Carmo Enríquez a denegación da súa solicitude de emérita. Pregunta polo funcionamento da Comisión de reclamación de prazas e presenta dous rogos: que non se apliquen medidas de disciplina baseadas nun decreto franquista do 54 e que se teñan en conta as suxestións realizadas polo presidente do Tribunal de Garantías no seu informe.

Responde a secretaria xeral que o segundo o Regulamento de réxime interno do Consello de Goberno os acordos tomados en cada sesión deben ser notificados por vía electrónica aos decanos/as e directores/as de Centros e Departamentos, así como a todos os membros da Comunidade Universitaria, comunicación que se realiza a través das listas de Avisos e dos taboleiros oficias, ademais de incorporarse á páxina web. Non se comunican persoalmente os acordos, tan só no caso de recursos, xa que nese caso faise chegar a correspondente resolución reitoral ao interesado/a. E no caso que se consulta actuouse igualmente seguindo o procedemento. É competencia dos Centros ou dos Departamentos dar traslado deses acordos a aos seus membros. De tódolos xeitos informaráselle das datas concretas das comunicacións realizadas, se así o desexa.

Responde o reitor á segunda das cuestións: indicando que ao non estar presente a vicerreitora de Organización Académica e Profesorado se dará traslado da súa solicitude e enviaráselle a información acerca do funcionamento da Comisión.

5. A dona Adela Sánchez chegoulle información a través de varios sindicatos de que a vicerreitora de Organización Académica e Profesorado tiña informado na mesa de negociación, fóra da orde do día, que se ía iniciar o plan de negociación da PDAI e acerca dos recoñecementos docentes. Roga que se informe de como está esa situación e que se aclare por que non todos os sindicatos teñen a información. Pregunta tamén polo novo plano de promoción que se ía negociar. O colectivo de laborais está preocupado por este tema.

Responde o reitor que todas estas cuestións serán transmitidas á vicerreitora. En canto á negociación da PDAI, as instrucións son levar a cabo unha negociación bilateral, co obxectivo de que o PDI poda facer constar todas as actividades que realiza, xa que é un xeito de reivindicar as súas funcións. Verificarase o calendario da negociación. En relación aos recoñecementos docentes indica que están vencellados ao POD, pero non ten constancia de que se informara aos sindicatos ou non.

Con respecto do Plano de estabilización, indica que está loitando polo establecemento dunha vía alternativa de estabilización, dado que non se logrou a supresión da taxas de reposición. Explica o reitor que estase a negociar con Facenda dende hai varios meses, exercendo presión para acelerar a negociación xa que o obxectivo de que logre establecerse antes de que se rematen os primeiros contratos en decembro.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 14:50 h do día 20 de novembro de 2014, da que eu como secretaria xeral dou fe co vº. e pr. do reitor.

O reitor

Salustiano Mato de la Iglesia

A secretaria xeral

Gloria Mª Pena Uris